



CONCELLO DE MUXIA
(A Coruña)

Rúa Real, 35
15124 MUXÍA (A Coruña)
Telfs: 981 742 117
981 742 528
981 742 001
Fax: 981 742 298
CIF: P1505300B
correo@muxia.es
www.concellomuxia.com

ACTA Nº 2022/6

SESIÓN EXTRAORDINARIA DO PLENO DA CORPORACIÓN

- CASA DO CONCELLO, XOVES 11 DE AGOSTO DE 2022 -

No día de hoxe, ás 20:00 horas, baixo a presidencia do alcalde, reúnense os concelleiros e concelleiras que se indican, coa asistencia do secretario, que subscribe, co obxecto de celebrar, en primeira convocatoria, Sesión Extraordinaria do Pleno da Corporación.

PRESIDE:

SANTIAGO MANUEL TOBA CAMPAÑA, Alcalde

ASISTEN:

Javier Romar Alvarellos
Olalla Benlloch Lema
Mónica Vilela Vilela
Manuel Caramés López
Sandra Vilela Riveiro
Javier Lema Suárez
Carlos Fernández Concheiro

AUSENCIAS:

Irma García Barcia
Tania Romero García
Sofía López Simón

SECRETARIA: Rosa Ana García Fernández

INTERVENTORA: Mónica Iglesias Prego

Constátase a presenza de membros deste órgano en quórum suficiente, polo que o alcalde, como Presidente, declara aberta a sesión. Procédese a tratar os asuntos incluídos na

ORDE DO DÍA

- 1.- Aprobación acta sesión anterior
- 2.- Proposta adhesión ao Plan antifraude da Deputación Provincial.
- 3.- Acordo sobre recuperación espazo público en Castelo.
- 4.- Recoñecemento extraxudicial de crédito 2/2022.
- 5.- Modificación de crédito 16/2022.
- 6.- Dar conta de escritos remitidos á Dirección Xeral de Política Financeira e Consellería de Educación sobre parques infantís en CEIPs

1.- APROBACIÓN ACTA SESIÓN ANTERIOR.

A acta da sesión anterior queda aprobada por unanimidade dos membros presentes.

2.- PROPOSTA ADHESIÓN AO PLAN ANTIFRAUDE DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL

A Secretaria explica o contido da proposta de Alcaldía.

Sen producirse debate, o asunto sométese a votación e o Pleno, por unanimidade dos seus membros presentes (8) e por tanto cumprindo co requisito da maioría absoluta esixida polo art 47 da Lei 7/85, acorda:



CONCELLO DE MUXIA
(A Coruña)

Rúa Real, 35
15124 MUXÍA (A Coruña)
Telfs: 981 742 117
981 742 528
981 742 001
Fax: 981 742 298
CIF: P1505300B
correo@muxia.es
www.concellomuxia.com

PRIMEIRO.- Adherirse ao PLAN XERAL DE PREVENCIÓN DE RISCOS E MEDIDAS ANTIFRAUDE DA DEPUTACIÓN DA CORUÑA (PREMADECOR), aprobando todos os seus documentos e formularios.

SEGUNDO.- Delegar na Deputación da Coruña todas as funcións e competencias referidas á aplicación do PREMADECOR: análise previo de riscos, uso do canle de bo goberno e denuncias, instrución e resolución dos procedementos administrativos e sancionadores derivados da aplicación deste Plan, mesmo a competencia para a xestión recadatoria dos ingresos de dereito público resultante. Aceptando as bases aprobadas polo Pleno da Deputación da Coruña, co seguinte contido:

“BASES PARA A DELEGACIÓN DAS FUNCIÓNS DE ANÁLISE DE RISCOS, USO DO CANLE DE BO GOBERNO E DENUNCIAS, INSTRUCIÓN E RESOLUCIÓN DOS PROCEDEMENTOS ADMINISTRATIVOS DE COMPETENCIA DA ADMINISTRACIÓN LOCAL

PRIMEIRA.- Contido da delegación.

1. Unha vez adherido ao PRAMEDECOR, a delegación abranguerá todas as funcións e competencias referidas a aplicación efectiva do Plan en cada un dos proxectos de gasto con financiamento procedente do PRTR da Unión Europea.
2. En cada expediente, a Deputación realizará unha análise previa de riscos, asesorará ao concello na tramitación dos procedementos e incorporación aos mesmos das DACi e de calquera outro documento en relación co control dos fondos procedentes do PRTR da Unión Europea.
3. Na sede electrónica do Concello haberá disposto un enlace co Canle de Bo Goberno e denuncias da Deputación, de xeito que calquera persoa poderá presentar unha denuncia referida a un posible uso ou tramitación irregular dos procedementos administrativos dos expedientes de gastos municipais financiados co PRTR da Unión Europea.
4. A Deputación tramitará os procedementos correctivos e sancionadores que resulten aplicábeis e acordará o reintegro dos fondos indebidamente aplicados, cos xuros de demora correspondentes. Tamén tramitará os procedementos sancionadores, impondo no seu caso as sancións previstas na Lei.
5. As liquidacións resultantes serán aprobadas pola Deputación, entidade que instruirá os procedementos de recadación para o seu cobro, tanto período voluntario como executivo. Para tal efecto, resultarán de aplicación as Bases para a prestación de servizos tributarios publicadas no Boletín Oficial da Provincia número 209, de 3 de novembro de 2021.

SEGUNDA.- Procedemento para a tramitación da análise de riscos en cada expediente de gasto.

1. Unha vez aprobado polo órgano competente do Concello o proxecto de gasto, no que quede acreditado o compromiso firmes de achega de fondos procedentes do PRTR da Unión europea, o expediente completo, cos informes de secretaría e do órgano interventor municipal, será remitido á Deputación da Coruña a través do SIR, instando a elaboración da análise previa de riscos.
2. Recibido o expediente, o Negociado de control financeiro e auditoría, baixo a supervisión e coa conformidade do órgano interventor, elabora realizará a análise previa de riscos, elaborando o documento correspondente.
3. O traballo realizado será ditaminado polo CADECOR da Deputación, emitíndose informe de conformidade ou instando a emenda das deficiencias advertidas.
4. Unha vez recibido o informe de conformidade do CADECOR, o resultado do traballo realizado, xuntamente coa devolución do expediente, será remitido ao concello deléxante



CONCELLO DE MUXÍA
(A Coruña)

Rúa Real, 35
15124 MUXÍA (A Coruña)
Telfs: 981 742 117
981 742 528
981 742 001
Fax: 981 742 298
CIF: P1505300B
correo@muxia.es
www.concellomuxia.com

para que proceda ao seu informe e aprobación,

5. Do acordo de aprobación, da súa aplicación e das incidencias que poidan xurdir, darase conta a efectos informativos ao CADECOR .

TERCEIRA.- Procedemento de tramitación de denuncias, impulso e tramitación e resolución de procedementos.

1. Unha vez recibida unha denuncia no canle de bo goberno e denuncias, comunicárase de xeito inmediato ao concello interesado, para que poida adoptar as medidas cautelares que estime máis axeitadas. Simultaneamente, o CADECOR procederá á apertura dunhas actuacións previas para coñecer as circunstancias do caso concreto, de conformidade eco disposto no apartado 2.3 do PREMADECOR.

2. Concluídas as actuacións previas, no casos en que procedan os feitos serán comunicados á entidade decisoria ou entidade executora, así como á autoridade responsable. Simultaneamente denunciará os feitos coñecidos ás autoridades públicas competentes.

3. Nos casos en que proceda, a Deputación, a través do Negociado de Control financeiro e auditoría, tramitará os procedementos de reintegro de fondos públicos e, no seu caso, os procedementos sancionadores en materia de subvencións.

4. Os Servizos tributarios da Deputación levarán a cabo os procedementos de recadación, nos termos establecidos nas Bases para a delegación desta función.

3.-ACORDO SOBRE RECUPERACIÓN ESPAZO PUBLICO EN CASTELO

A Secretaria manifesta que todos os grupos municipais teñen copia da Proposta de Alcaldía neste punto, sobre o que consta sentenza firme en asunto civil .

Inicia o debate D Carlos Fernández: “ Espero que non se volva a repetir este atraso inxustificado en relación a unha sentenza xudicial firme. Debemos de ser dilixentes no cumprimento da Lei”.

Sometido o asunto a votación, por catro votos a favor (3 do grupo municipal do PSOE e 1 do BNG) e a abstención do resto dos/as integrantes, o Pleno acorda aceptar a proposta de Alcaldía e:

Comunicar a D Daniel Martínez Alvarelos que en prazo de 15 días deberá de proceder a deixar libre o espazo público que indebidamente ocupa en Castelo. En caso de que en dito prazo non proceda a elo, será o Concello quen libere o espazo a costa do Sr. Martínez Alvarelos.

4.- RECOÑECIMENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITO 2/2022.

A Secretaria explica que todos os grupos teñen copia da proposta de Alcaldía neste punto, ditaminada favorablemente pola Comisión de Contas.

Inicia o debate a voceira do PP, Dna Sandra Vilela: “ Absterémonos como facemos sempre que hai un informe negativo de Intervención”

D Carlos Fdez intervén: “ opino no sentido que di Sandra pero as facturas hai que pagalas pero tamén seguir os procedementos”.

O Pleno ,cos votos a favor do grupo municipal do PSOE (3) e BNG (1) e a abstención do resto, acorda:

Aprobar o expediente de Recoñecemento Extrajudicial de Crédito número 2/2022 dentro



CONCELLO DE MUXIA
(A Coruña)

Rúa Real, 35
15124 MUXÍA (A Coruña)
Telfs: 981 742 117
981 742 528
981 742 001
Fax: 981 742 298
CIF: P1505300B
correo@muxia.es
www.concellomuxia.com

do orzamento para o 2022, por importe de 1.064,34 €, e a súa imputación ás aplicacións orzamentarias que procedan, segundo o seguinte cadro:

Nº factura e data	Terceiro	Concepto	Importe	Aplicación orzamentaria
Fact nº 12000316873 de 11/09/2020 rexistro 14/02/2022	Sociedade Xeral de Autores e Editores	Dereitos de actuación na vía publica o 30/08/2020 " La Gallina Turuleca"	13,27	334.22699
Fact V01453 de 31/10/2021 rexistro 14/02/2022	Alugueiros Reneymar, S. L	Subministro graxa, bote anticongelante e discos desbrozadoras	1.012,07	920.22199
Fact. Nº 9-2021 de 08/01/2021 rexistro 14/02/2022	Confraría de Muxía	Subministro de Sal Seco	39,60	920.22199

5.- MODIFICACIÓN DE CRÉDITO 16/2022.

A Secretaria explica que todos os grupos teñen copia da proposta de Alcaldía neste punto, ditaminada favorablemente pola Comisión de Contas.

Inicia o debate o Sr Alcalde: " Propoñemos esta modificación e as obras nela incluídas porque temos a capacidade económica e a obriga de facela. Levamos partida de subministros xa que hai un obradoiro de emprego próximo e pódense realizar con el obras en distintos lugares.

Prevedemos unha partida para unha pequena campaña de promoción turística, arranxo de vehículos, fondos para redacción de proxectos para as obras do Adicional 2022 , consígnase diñeiro para repoñer luminarias, incrementase a partida de alumeado publico. Tal e como prometemos inclúense as subvencións para as Festas da Barca , Club de fútbol e Asociación de percebeiros.

Ante a emerxencia da auga tamén se recollen fondos para posibles necesidades de auga, por exemplo en Prado.

Pese a ter canon de auga non temos axudas da Xunta e por iso prevense fondos para arranxo da AEDAR."

Resume brevemente tamén o contido das obras propostas.

A continuación intervén Dna Sandra Vilela: " Creo que é importante que os veciños saiban o que estamos a votar e o que é o concepto de Remanente. O remanente son os aforros deste concello. Temos 4 M de € de orzamento e pretende gastar 1.7 M de aforro. Cos fondos da Deputación terá este ano 7 M de euros . Trae nesta modificación fondos para a Barca, luz, festas...e pregunto se non houberse remanente non teríamos fondos para esas cousas?

No último pleno deixamos unha proposta enriba da mesa coa intención de dialogar, de



CONCELLO DE MUXIA
(A Coruña)

Rúa Real, 35
15124 MUXÍA (A Coruña)
Telfs: 981 742 117
981 742 528
981 742 001
Fax: 981 742 298
CIF: P1505300B
correo@muxia.es
www.concellomuxia.com

chegar a acordos pero iso non pasou. Veremos ver si consegue facer a estrada de Leis. Trae 39.000 euros para Morquintán que non dan para nada, está aquilo intransitable. Tampouco é suficiente o que prevé para Trasufre-Coucieiro.

Está gastando o remanente, malgastando os aforros de Muxía e non fai nada en Muxía e iso que lle dixemos como estaba o polideportivo, o Alumado público que falla cada 2x3, etc.

Non entramos so seu xogo, non hai nin unha soa obra que non se fixera polos votos en contra do PP e non a haberá.”

Seguidamente é a quenda de D Carlos Fernández: “ A súa forma de contribuír ao diálogo vese nas redes sociais. A oposición non é culpable de que por exemplo non haia nin un só tubo posto na auga de Suxo. Xa lle dixemos cando o trouxo a pleno que non podería facelo antes de fin de ano. Aprobáronse proxectos para Deputación e non se perderon subvencións, e eso que faltaba o diálogo. Tampouco é culpa da oposición o non facer a escola infantil , trouxo a pleno sen proxecto, sen saber como era.

Quere gastar con este plan o aforro de moitos anos.

Non estou seguro do convenio de Deputación con Leis e que é ademais para un tramo pequeno, manténdose o ancho da estrada cando podería ampliarse.

Trae agora as subvencións para festas que lle pedimos foran no orzamento, e pagar todo isto con aforro non é sostible. Os aforros deberían de destinarse a infraestruturas básicas coma a auga.

Di que esas obras van a estar rematadas antes do 31 de decembro pero se non é así.

Para pagar obras con remanente se non as acaba este ano terá que volver a orzamentalas, esperar á liquidación, etc.

Hai que licitar proxectos para redacción das obras do adicional e o tempo está moi xusto.

¿Por que non aprobou isto nun pleno anterior, fai 2 o 3 meses tal e como quedamos.?

Pasará o de sempre, irá en prazo grazas á experiencia e profesionalidade do funcionariado.”

Intervén seguidamente Dna Mónica Vilela: “ Non repetirei que dixo Carlos e quero dicir que estou de acordo cos festexos e subvencións a asociacións, pero pido que tamén se axude a unha persoa que fai a festa do Corpus e que non é asociación.

Espero quer o plan adicional co que se comprometeu saia adiante e poño en falta que nos entregue con tempo os planos dos proxectos para poder estudalos.”

O Sr Alcalde contesta: “ Nunca é tarde se a dita e boa. Non subestimen a intelixencia e criterio propio dos veciños que ven hoxe este cambio de dirección.”

Dna Sandra Vilela volve intervir: “ As redes sociais súas son súas pero vostede é o Alcalde e as veces é lamentable ver como insulta ou falta ao respecto nelas, crispando o ambiente. Votamos a favor dos POS, da estrada de Leis, dos orzamentos... Non é verdade o que di de que esta oposición cambia de dirección.”

Sométese o asunto a votación. O Pleno por unanimidade, acorda:

PRIMEIRO.- Aprobar inicialmente o expediente de modificación de crédito nº 16/2022 do Orzamento da Corporación para o ano 2022 mediante suplemento de crédito e crédito extraordinario financiado con Remanente Líquido de Tesourería para gastos xerais, de acordo co seguinte detalle:



CONCELLO DE MUXIA
(A Coruña)

Rúa Real, 35
15124 MUXÍA (A Coruña)
Telfs: 981 742 117
981 742 528
981 742 001
Fax: 981 742 298
CIF: P1505300B
correo@muxia.es
www.concellomuxia.com

GASTOS

APLICACIÓN	FINALIDADE	IMPORTE
161.61900	Abastecemento de auga en Suxo	196.231,97
454.61900	Mellora de camiños en Morquitián	88.474,55
454.61900	Mellora de drenaxe en Vilastose	25.435,40
454.61900	Mellora de drenaxe na Grixá	29.467,09
454.61900	Mellora de drenaxe en Figueiras	15.430,42
454.761.00	Aportación municipal ao Convenio coa Deputación provincial de A Coruña para a estrada de Leis	40.000
454.61900	Mellora da estrada de Lago a Leis	128.894,15
454.61900	Acondicionamento de estrada en Armezar, Muiños e Agreiras	41.137,60
454.61900	Acondicionamento de estradas en Vilardeouteiro-Castro	38.833,87
454.61900	Acondicionamento de estradas en Coucieiro-Trasufre	64.750,38
454.61900	Acondicionamento de estradas en Pasantes-Fumiño	34.484,53
454.61900	Mellora de vías públicas en San Martiño	61.554,03
454.61900	Acondicionamento de estrada en Vilarvello e Morquitián	39.689,14
464.61900	Mellora de camiños interiores en Vilardeouteiro	208.005,41
464.61900	Acondicionamento de estrada en Suxo-Riotorto e Pardiñas	80.000,00
1531.2100	Subministro de grava e formigón	30.000,00
161.22199	Subministro de material para o servizo de obras e auga	15.000
1621.21400	Recollida de residuos. Reparación de vehículos	20.000,00
920.21400	Administración xeral. Reparación de vehículos	15.000,00
432.22602	Información e promoción turística. Publicidade e propaganda	3.000,00
165.63300	Alumeado público. Inversión de reposición en luminarias	10.000,00
160.2270	Sumidoiros. Estudos e Traballos técnicos	10.000,00



CONCELLO DE MUXIA
(A Coruña)

Rúa Real, 35
15124 MUXÍA (A Coruña)
Telfs: 981 742 117
981 742 528
981 742 001
Fax: 981 742 298
CIF: P1505300B
correo@muxia.es
www.concellomuxia.com

6		
151.2270		
6	Urbanismo. Estudos e traballos técnicos	50.000,00
165.2210	Alumeado público. Subministro de enerxía eléctrica	150.000,00
0		
341.4890	Promoción e fomento do deporte. Subvención ao C.F. Muxía	35.000
3		
338.4890	Festexos. Subvención a comisión das Festa da Romaría da Barca	80.000,00
3		
920.4660	Administración xeral. Aportación outras entidades	10.000,00
0		
338.2279	Festexos. Traballos realizados por outras empresas. Rutas do Mar	18.000,00
9		
338.2260		
2	Festexos. Publicidade e propaganda	1.000,00
338.2269		
9	Festexos. Gastos diversos	6.000,00
338.2219		
9	Festexos. Subministros	20.000,00
338.4890		
3	Festexos. Subvención veciñal a Nosa Sra. Do Pilar	2.000,00
338.4890		
3	Festexos. Subvención a Asociación de veciños O Cotro	2.000,00
338.4890		
3	Festexos. Subvención a Asociación de veciños San Ciprián de Vilastose	2.000,00
338.4890		
3	Festexos. Subvención a Asociación de Amigos e Amigas de Moraime	2.000,00
338.4890		
3	Festexos. Subvención a Asociación de veciños San Cristovo de Nemiña	2.000,00
338.489.0		
3	Festexos. Subvención a Asociación cultural Santa María de Cabeza	2.000,00
338.4890		
3	Festexos. Subvención a Asociación Virxe de Espiño	2.000,00
338.4890		
3	Festexos. Subvención a Asociación cultural San Roquiño do Monte	2.000,00
338.4890		
3	Festexos. Subvención a Comisión de festas da Romaría a Barca para a Festa do Carme	2.000,00
342.4890		
3	Información e promoción turística. Subvención a Asociación da festa do Percebe	15.000
160.6230		
0	Sumidoiros. Inversión nova en maquinaria. EDAR:	34.741,51
454.6190		
0	Acondicionamento de camiños interiores no lugar de Serantes	84.205,53
161.2230		
0	Auga. Transporte	30.000,00
		1.747.335,58
	TOTAL	



CONCELLO DE MUXIA
(A Coruña)

Rúa Real, 35
15124 MUXÍA (A Coruña)
Telfs: 981 742 117
981 742 528
981 742 001
Fax: 981 742 298
CIF: P1505300B
correo@muxia.es
www.concellomuxia.com

INGRESOS.

CONCEPTO	IMPORTE	Fonte Financiación
87010	1.747.335,58	Remanente de tesourería para gastos xerais.

SEGUNDO.- Expoñer ao público o acordo de aprobación inicial mediante anuncio no Boletín Oficial da Provincia polo prazo de 15 días hábiles, durante os cales os interesados poderán presentar as reclamacións que estimen convenientes ante o Pleno. Estas reclamacións serán resoltas polo Pleno no prazo dun mes. No caso de non se presentaren reclamacións durante o período de exposición pública, considerarase definitivamente aprobado o citado expediente, entrando en vigor una vez cumprido o disposto no artigo 169 do Texto Refundido da Lei Reguladora de Facendas Locais.

6.- DAR CONTA DE ESCRITOS REMITIDOS Á DIRECCIÓN XERAL DE POLÍTICA FINANCEIRA DA CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN SOBRE PARQUES INFANTÍS EN CEIPS.

O Sr. Alcalde explica: “ Cumprimos coa oposición que nos pediu o arranxo dos parques infantís nos CEIPS que é algo que corresponde á Xunta. A Consellería de Educación e a de Facenda remitiu escrito dicindo que ese diñeiro que lles corresponde gastar a eles imos gastalo nós con este aforro.”

O pleno queda enterado dos escritos remitidos á Consellería de Educación e á Consellería de Facenda, referidos ao establecido no art 7-4 da Lei 7/85.

Ás 21:30 horas non hai máis asuntos que tratar. Por orde da Presidencia, levántase a sesión, da que se estende a presente acta, da que eu, secretario, dou fe.

CONCELLO DE MUXÍA, A DATA DA SINATURA ELECTRÓNICA

A secretaria, Rosa Ana García Fernández O alcalde, Santiago Manuel Toba Campaña